



# PLAN DE FORMACIÓN **AFEDAP 2024**

## CURSOS DE **TELEFORMACIÓN**

As actividades formativas incluídas nesta guía poden sufrir cambios nas súas datas, horarios e lugares de realización.

Recoméndase consultar <https://acis.sergas.gal> para obter os datos actualizados.



Neste documento, ofrecemos un informe detallado sobre os cursos de teleformación que formarán parte do Plan de Formación AFEDAP para o ano 2024. Estes cursos, deseñados para proporcionar unha experiencia educativa máis estruturada e guiada, representan unha opción valiosa para o desenvolvemento profesional dos profesionais.

### **Características dos cursos de teleformación:**

Os cursos de teleformación distínguense pola súa duración, oscilando entre 10 e 20 horas, e desenvólvense en períodos máis concentrados, xeralmente entre 2 e 4 semanas. Esta modalidade ofrece unha experiencia máis intensiva, permitindo aos participantes mergullarse no contido de maneira efectiva e eficiente.

A diferenza dos cursos de autoformación, os cursos de teleformación dispoñen de titores/as, expertos/as que desempeñan un papel crucial na guía e apoio dos/as participantes. Estes titores/as deseñan exercicios, casos prácticos e preguntas de reflexión, e proporcionan unha retroalimentación valiosa para consolidar o aprendizaxe.

Ademais, introducimos a figura do "dinamizador/a", un/unha profesional da ACIS que acompaña aos participantes durante todo o curso. A súa función principal é brindar apoio técnico, asegurándose de que os alumnos superen calquera obstáculo tecnolóxico e cumpran coas tarefas e prazos establecidos, garantindo unha experiencia de aprendizaxe fluída e sen contratempos.

### **Vantaxes dos cursos de teleformación con respecto á modalidade presencial:**

- **Flexibilidade horaria:** Os cursos en liña permiten aos participantes adaptar o seu aprendizaxe aos seus horarios persoais e profesionais, facilitando o acceso á formación sen restricións de tempo.
- **Aprendizaxe autodirixida:** Estes cursos fomentan a autonomía e a responsabilidade no aprendizaxe, brindando aos participantes a oportunidade de xestionar o seu propio progreso.
- **Alcance a un maior número de alumnos:** A diferenza dos cursos presenciais, os cursos de teleformación teñen a capacidade de chegar a un maior número de alumnos, xeralmente 50 por edición.

### **Vantaxes dos cursos de teleformación con respecto aos de autoformación:**

- **Apoio personalizado:** A presenza continua do titor/a proporciona un apoio personalizado, con correccións e retroalimentación que enriquecen a comprensión do material.
- **Interacción a través de foros:** Os participantes deberán participar activamente en foros, onde se plantexan preguntas de reflexión e se discuten casos prácticos, fomentando o intercambio de ideas e a construción colectiva do coñecemento.
- **Dinamización do proceso:** A figura do dinamizador asegura unha dinámica eficiente do curso, resolvendo problemas técnicos e mantendo a participación activa dos alumnos.



## 1. MANEXO DO PACIENTE HIPERTENSO EN ATENCIÓN PRIMARIA PARA MEDICINA

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os de atención primaria.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos para unha abordaxe integral nos pacientes hipertensos: coñecer os criterios actuais no diagnóstico da hipertensión arterial relacionada co risco cardiovascular de cada individuo. Risco cardiovascular: definición e manexo. Analítica, probas complementarias no manexo do risco cardiovascular. Diseñar o tratamento farmacolóxico da hipertensión arterial, novos fármacos antidiabéticos para o uso na enfermidade cardiovascular. Inercia terapéutica.

Código	Modalidade	Datas
2414096	TELEFORMACIÓN	do 6 ao 20 de maio de 2024
2414100	TELEFORMACIÓN	do 16 ao 30 de setembro de 2024

## 2. MANEXO DO PACIENTE HIPERTENSO EN ATENCIÓN PRIMARIA PARA ENFERMARÍA

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e matronas.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos para unha abordaxe integral nos pacientes hipertensos. Manexar a avaliación xeral dun paciente con risco cardiovascular dende a consulta de enfermaría. Identificación de novos casos. Coñecer as probas complementarias na consulta de enfermaría. Controlar a un paciente hipertenso: tratamento e seguimento.

Código	Modalidade	Datas
2414111	TELEFORMACIÓN	do 8 ao 22 de abril de 2024
2414114	TELEFORMACIÓN	do 14 ao 28 de outubro de 2024



### 3. URXENCIAS PSIQUIÁTRICAS E INTERVENCIÓN EN CRISE PARA MEDICINA

**Nº de horas:** 16

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os de servizos de urxencias e PAC. 2º) resto de médicas/os de unidades ou centros non adscritos á saúde mental. Médicas/os asistenciais do 061.

**Obxectivos:** coñecer as pautas de actuación ante unha persoa con patoloxía mental ou en situación de crise. Adquirir coñecementos teóricos básicos sobre as diversas patoloxías psiquiátricas máis prevalentes. Instruír nas diversas formas de manexo do paciente psiquiátrico en situación de descompensación. Familiarización con fármacos de uso máis habitual nas urxencias psiquiátricas.

Código	Modalidade	Datas
2414195	TELEFORMACIÓN	do 1 ao 22 de abril de 2024
2414196	TELEFORMACIÓN	do 17 de setembro ao 8 de outubro de 2024

### 4. URXENCIAS PSIQUIÁTRICAS E INTERVENCIÓN EN CRISE PARA ENFERMARÍA

**Nº de horas:** 16

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria. Por orde preferente: 1º) servizos de urxencias e PAC. 2º) resto de unidades ou centros non adscritos á saúde mental.

**Obxectivos:** coñecer as pautas de actuación ante unha persoa con patoloxía mental ou en situación de crise. Adquirir coñecementos teóricos básicos sobre as diversas patoloxías psiquiátricas máis prevalentes. Instruír nas diversas formas de manexo do paciente psiquiátrico en situación de descompensación. Familiarización con fármacos de uso máis habitual nas urxencias psiquiátricas.

Código	Modalidade	Datas
2414197	TELEFORMACIÓN	do 29 de abril ao 20 de maio de 2024
2414199	TELEFORMACIÓN	do 3 ao 24 de xuño de 2024
2414201	TELEFORMACIÓN	do 16 de outubro ao 6 de novembro de 2024



## 5. PREVENCIÓN SECUNDARIA CARDIOVASCULAR CARA Á CONTINUIDADE DOS COIDADOS

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os da área cardiovascular e fisioterapeutas de atención hospitalaria. 2º) resto de enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e fisioterapeutas de atención primaria e hospitalaria, médicas/os de atención primaria.

**Obxectivos:** coñecer o Programa Multidisciplinar de Rehabilitación Cardíaca (indicacións, contraindicacións, fases, compoñentes...) como unha ferramenta terapéutica tras padecer unha síndrome coronaria aguda. Comprender o proceso asistencial integrado da rehabilitación cardíaca. Dispoñer das competencias necesarias para a prescrición de exercicio físico de forma segura no paciente cardiolóxico. Identificar e manexar os signos de alarma neste tipo de pacientes. Resolver casos reais.

Código	Modalidade	Datas
2414203	TELEFORMACIÓN	do 11 de abril ao 2 de maio de 2024
2414206	TELEFORMACIÓN	do 23 de setembro ao 14 de outubro de 2024

## 6. ATENCIÓN COMUNITARIA EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 25

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os, pediatras, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, matróns/as, farmacéuticas/os, fisioterapeutas e traballadoras/es sociais de atención primaria.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos básicos para desenvolver unha acción comunitaria dende a atención primaria. Identificar os determinantes que inflúen na saúde e reflexionar sobre a equidade en saúde. Coñecer as ferramentas para traballar dende un enfoque biopsicosocial na consulta.

Código	Modalidade	Datas
2414209	TELEFORMACIÓN	do 2 de maio ao 6 de xuño de 2024
2414210	TELEFORMACIÓN	do 16 de setembro ao 21 de outubro de 2024
2414211	TELEFORMACIÓN	do 28 de outubro ao 2 de decembro de 2024



## 7. RETINOGRAFÍAS EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria.

**Obxectivos:** Desenvolver coñecementos e habilidades na realización e interpretación de retinografías para o cribado de retinopatía diabética e a detección precoz das principais lesións de fondo de ollo. Coñecer os estándares de calidade mínima na realización e toma de imaxes nos diferentes retinógrafos. Identificar e previr os erros técnicos máis frecuentes. Diferenciar entre imaxes normais, anormais e patolóxicas do fondo de ollo. Desenvolvemento dos novos procedementos para a realización da teleconsulta con retinografía incorporada a imaxe médica, así como "coida os teus ollos" en cribados e programas de saúde.

Código	Modalidade	Datas
2414212	TELEFORMACIÓN	do 2 ao 30 de abril de 2024
2414213	TELEFORMACIÓN	do 30 de setembro ao 28 de outubro de 2024

## 8. ELECTROCARDIOGRAFÍA PARA MEDICINA

**Nº de horas:** 26

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os do 061. 2º) médicas/os de atención primaria. 3º) médicas/os dos servizos de urxencias hospitalarias.

**Obxectivos:** coñecer as bases teóricas e prácticas imprescindibles para poder interpretar, na práctica diaria, tanto os rexistros normais como os rexistros das diferentes alteracións electrocardiográficas máis importantes.

Código	Modalidade	Datas
2414215	TELEFORMACIÓN	do 2 de abril ao 7 de maio de 2024
2414216	TELEFORMACIÓN	do 30 de setembro ao 4 de novembro de 2024



## 9. DERMATOSCOPIA PARA ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os e pediatras de atención primaria.

**Obxectivos:** capacitar os profesionais na valoración e diagnóstico de lesións dermatolóxicas para mellorar a capacidade resolutiva de Atención Primaria, así como axeitar as derivacións ao seguinte nivel. Coñecer a orixe e os fundamentos da técnica dermatoscópica. Coñecer a utilidade e as limitacións da dermatoscopia. Adquirir as habilidades para mellorar mediante dermatoscopia a identificación de lesións cutáneas suxestivas de malignidade. Aprender a recoñecer as características dermatoscópicas das lesións cutáneas pigmentadas máis comúns na práctica diaria. Adquirir as habilidades necesarias para seleccionar con maior criterio aqueles pacientes con lesións cutáneas que deban ser avaliados por un dermatólogo. Incrementar a detección do cancro cutáneo mediante o emprego habitual do dermatoscopio. Mellorar a calidade e os criterios das derivacións a atención hospitalaria. Reducir o número de lesións cutáneas benignas que se extirpan innecesariamente.

Código	Modalidade	Datas
2414097	TELEFORMACIÓN	do 4 de abril ao 2 de maio de 2024
2414098	TELEFORMACIÓN	do 19 de setembro ao 17 de outubro de 2024

## 10. RADIOLOXÍA PARA MEDICINA DE ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os e pediatras de atención primaria.

**Obxectivos:** coñecer o proceso radiolóxico actual en Atención Primaria e avanzar no desenvolvemento do proceso radiolóxico integrado, co fin de diminuír a variabilidade clínica, e prestar unha asistencia sanitaria sen chanzos. Adquirir coñecementos básicos de radioloxía simple, que axuden o persoal médico de Atención Primaria na atención dos seus pacientes.

Código	Modalidade	Datas
2414221	TELEFORMACIÓN	do 15 de abril ao 13 de maio de 2024
2414222	TELEFORMACIÓN	do 24 de setembro ao 22 de outubro de 2024



## 11. ATENCIÓN Á PERSOA ADOLESCENTE

**Nº de horas:** 16

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os, pediatras, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os de atención primaria, psicólogas/os clínicas/os, psiquiatras, enfermeiras/os especialistas en pediatría e enfermeiras/os da unidade de pediatría de atención hospitalaria e traballadoras/es sociais.

**Obxectivos:** saber realizar unha entrevista efectiva con adolescentes, mellorar a comunicación, abordar temas preventivos de primeira orde nestas idades. Coñecer a diferenciación entre o evolutivo e o patolóxico nos trastornos de comportamento, achegamento ao consumo de tóxicos, sexualidade. Coñecer as peculiaridades do manexo da entrevista con adolescentes e os pais/nais. Aprender a realizar a abordaxe terapéutica tanto farmacolóxica como psicoterapéutica. Saber cando remitir a un servizo especializado. Orientación na aprendizaxe escolar e elección de estudos.

Código	Modalidade	Datas
2414225	TELEFORMACIÓN	do 10 de abril ao 2 de maio de 2024
2414226	TELEFORMACIÓN	do 26 de setembro ao 17 de outubro de 2024

## 12. ACTUALIZACIÓN EN ENDOMETRIOSE

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** médicas/os, matróns/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria, xinecólogas/os e enfermeiras/os de xinecoloxía e obstetricia.

**Obxectivos:** actualizar e ampliar os coñecementos en canto ao diagnóstico, tratamento e seguimento da endometriose. Coñecer a epidemioloxía, fisiopatoloxía e manifestacións clínicas da endometriose. Como diagnosticar e clasificar os distintos tipos de endometriose. Actualizar os coñecementos sobre o tratamento médico e cirúrxico. Entender a fisiopatoloxía da dor asociada á endometriose. Como controlar e tratar a doente en idade fértil. Coñecer as principais liñas de investigación na patoloxía. Definir o papel da atención primaria no diagnóstico precoz, seguimento e criterios de derivación da doente con endometriose.

Código	Modalidade	Datas
2414105	TELEFORMACIÓN	do 8 ao 29 de maio de 2024
2414108	TELEFORMACIÓN	do 23 de outubro ao 13 de novembro de 2024





## 13. TRATAMENTO SINTOMÁTICO DOS DOENTES CON CANCRO E URXENCIAS ONCOLÓXICAS

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os de atención primaria, 2º) médicas/os de atención hospitalaria (agás especialistas en oncoloxía).

**Obxectivos:** adquirir coñecementos e ter posibilidade de expoñer dificultades para a práctica asistencial nos seguintes puntos. Diferenciar o que é un tratamento paliativo dun tratamento sintomático. Diferenciar unha situación de tratamento paliativo dunha situación de enfermidade terminal. Coñecementos sobre os principais síntomas derivados do cancro e o seu tratamento axeitado. Coñecementos sobre os principais síntomas derivados da toxicidade dos fármacos antineoplásicos e o seu tratamento adecuado dende o punto de vista ambulatorio e cando remitir un paciente urxente ao hospital e/ou ao seu especialista. Identificar as urxencias oncolóxicas máis frecuentes. Cal é a situación actual dos proxectos e desenvolvemento das unidades de coidados paliativos e un exemplo da discusión profesional sobre a súa utilidade no noso medio.

Código	Modalidade	Datas
2414198	TELEFORMACIÓN	do 3 ao 24 de abril de 2024

## 14. ASPECTOS XERAIS, EPIDEMIOLÓXICOS E PREVENCIÓN DA PATOLOXÍA NEOPLÁSICA

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os de atención primaria, 2º) médicas/os de atención hospitalaria (agás especialistas en oncoloxía).

**Obxectivos:** proporcionarlles coñecementos básicos de oncoloxía a especialistas non oncólogos que na súa práctica asistencial se relacionan con enfermos oncolóxicos ou persoas con risco de padecer cancro. Coñecer aspectos relevantes da epidemioloxía do cancro, as bases da prevención primaria e secundaria do cancro. Coñecer os mitos e lendas sobre prevención primaria, exames de saúde relacionados co cancro e o rastrexo poboacional do cancro. Cancro hereditario. Estudos xenéticos: indicacións e consecuencias. Rexistro Galego de Tumores.

Código	Modalidade	Datas
2414227	TELEFORMACIÓN	do 13 de maio ao 3 de xuño de 2024



## 15. ASPECTOS DIAGNÓSTICOS E TERAPÉUTICOS DE INTERESE EN ATENCIÓN PRIMARIA DAS NEOPLASIAS MÁIS FRECUENTES NO NOSO MEDIO

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os de atención primaria, 2º) médicas/os de atención hospitalaria (agás especialistas en oncoloxía).

**Obxectivos:** recoñecer cales son os tumores que con maior frecuencia se diagnostican no noso medio e as liñas xerais do seu tratamento. Comprender en que consiste e como se establece a intención coa que se trata o cancro, curativa fronte a simplemente paliativa e diferenciar paliativo de sintomático. As liñas xerais das diferentes modalidades terapéuticas: cirurxía, radioterapia, farmacoloxía... e as súas aplicacións en determinados contextos. As razóns polas que dous casos aparentemente similares rematan con enfoques terapéuticos diferentes. Coñecer as implicacións en canto á curabilidade e prognóstico que implican terminoloxías oncolóxicas habituais tales como «intención curativa», «tratamento radical», «neoadxuvancia», «adxuvancia», «actitude expectante», «intención paliativa» e outros. As liñas xerais do actual arsenal terapéutico antineoplásico. As liñas xerais de diagnóstico, prognóstico e tratamento das neoplasias máis frecuentes no noso medio.

Código	Modalidade	Datas
2414232	TELEFORMACIÓN	do 1 ao 22 de outubro de 2024

## 16. MANEXO DA DOR CRÓNICA

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os de atención primaria, traumatólogas/os, reumatólogas/os, rehabilitadoras/es e neurocirurxiás/áns.

**Obxectivos:** Identificación dos tipos de dor. Diagnóstico e manexo das síndromes dolorosas máis frecuentes. Coñecer e identificar criterios de derivación. Indicacións técnicas de cuarto chanzo. Recoñecemento ecográfico e técnicas intervencionistas.

Código	Modalidade	Datas
2414204	TELEFORMACIÓN	do 9 ao 30 de abril de 2024



## 17. ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN NO ADULTO CRÍTICO

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os de PAC e de urxencias extrahospitalarias do 061, servizos de urxencias e de unidades de críticos (UCI e REA), 2º) resto de enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** definir e coñecer o proceso e os riscos da administración de medicación en doentes críticos, de xeito que se maximice a seguridade na súa administración. Definir as actuacións seguras dos profesionais implicados na administración de medicación nos pacientes críticos. Adestrar o persoal de enfermaría implicado no manexo seguro de medicación en pacientes críticos segundo os protocolos establecidos. Identificar as reaccións adversas que impliquen risco na saúde do paciente. Definir as distintas medidas de actuación ante unha reacción adversa pola administración de medicación.

Código	Modalidade	Datas
2414235	TELEFORMACIÓN	do 1 ao 22 de abril de 2024
2414237	TELEFORMACIÓN	do 2 ao 23 de maio de 2024
2414238	TELEFORMACIÓN	do 25 de setembro ao 16 de outubro de 2024
2414241	TELEFORMACIÓN	do 6 ao 27 de novembro de 2024

## 18. ELECTROCARDIOGRAFÍA PARA ENFERMARÍA

**Nº de horas:** 26

**Nº de prazas:** 70

**Destinatarios:** enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** coñecer as bases teóricas e prácticas imprescindibles para poder interpretar, na práctica diaria, tanto os rexistros normais como os rexistros das diferentes alteracións electrocardiográficas máis importantes.

Código	Modalidade	Datas
2414099	TELEFORMACIÓN	do 1 de abril ao 6 de maio de 2024
2414101	TELEFORMACIÓN	do 20 de maio ao 24 de xuño de 2024
2414102	TELEFORMACIÓN	do 17 de setembro ao 22 de outubro de 2024
2414103	TELEFORMACIÓN	do 30 de outubro ao 4 de decembro de 2024



## 19. BÁSICO DE ONCOLOXÍA PARA ENFERMARÍA

**Nº de horas:** 16

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria 2º) enfermeiras/os de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** mellorar o coñecemento da patoloxía oncolóxica e as súas complicacións específicas no persoal de enfermaría. Adquirir coñecementos básicos de patoloxía oncolóxica (aspectos epidemiolóxicos e da historia natural da enfermidade). Saber diferenciar o estadio evolutivo dun paciente oncolóxico coa finalidade de establecer o obxectivo principal e a proporcionalidade das actuacións sanitarias que precisa. Coñecementos básicos de técnicas especiais en canto a sondaxes, catéteres, ulceracións neoplásicas etc. Adquirir coñecementos esenciais para a asistencia domiciliar de pacientes en situación terminal.

Código	Modalidade	Datas
2414142	TELEFORMACIÓN	do 4 ao 25 de novembro de 2024

## 20. COIDADOS *POST MORTEM*

**Nº de horas:** 25

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os, técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría e celadoras/es de atención hospitalaria. 2º) médicas/os de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** describir os procedementos de coidados *post mortem* hospitalarios que inclúen a correcta conservación da integridade física do cadáver, tendo en conta o seu destino posterior, xa sexa os coidados convencionais, para autopsia clínica ou autopsia xudicial. Realizar os coidados *post mortem* evitando alterar as condicións *peri mortem*, no caso de realizar posteriormente unha autopsia xudicial. Adestrar en técnicas de obtención e conservación de indicios, cadea de custodia e atención psicosocial dos achegados, no caso dun cadáver xudicial. Realizar os coidados *post mortem* encamiñados a favorecer o tratamento do cadáver para unha posterior autopsia clínica.

Código	Modalidade	Datas
2414115	TELEFORMACIÓN	do 2 de abril ao 7 de maio de 2024
2414120	TELEFORMACIÓN	do 21 de maio ao 25 de xuño de 2024
2414122	TELEFORMACIÓN	do 18 de setembro ao 23 de outubro de 2024
2414126	TELEFORMACIÓN	do 30 de outubro ao 4 de decembro de 2024



## 21. ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA (EDO)

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os da central de coordinación do 061 e médicas/os de atención primaria, 2º) microbiólogos e médicas/os preventivistas.

**Obxectivos:** Coñecer as EDO e entender a importancia da súa declaración. Coñecer a actividade que se desenvolve coa información recibida tras a declaración da EDO. Aprender coa experiencia temas relacionados coas EDO. Coñecer a importancia dos gromos. Analizar como e onde obter información sobre as EDO.

Código	Modalidade	Datas
2414104	TELEFORMACIÓN	do 14 de maio ao 4 de xuño de 2024

## 22. ACTUALIZACIÓN NO MANEXO DE CATÉTERES CENTRAIS E RESERVORIOS SUBCUTÁNEOS

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en pediatria de oncoloxía, pediatria, hematoloxía, UCI, urxencias e reanimación,. 2º) enfermeiras/os de plantas de hospitalización. 3º) enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria.

**Obxectivos:** mellorar as habilidades no manexo de vías centrais e reservorios. Dar a coñecer as posibles complicacións e como evitalas. Dar a a coñecer os distintos tipos de vías centrais. Reforzar os procedementos de actuación en coidados de vías centrais. Sinalar as posibles complicacións das vías centrais e como evitalas. Dar a coñecer os catéteres centrais de acceso periférico. Reforzar coñecementos sobre o manexo de reservorio subcutáneo. Dar a coñecer os procedementos de coidado do reservorio. Sinalar as posibles complicacións do reservorio subcutáneo. Practicar no manexo do catéter venoso central de inserción periférica PICC e reservorio subcutáneo.

Código	Modalidade	Datas
2414130	TELEFORMACIÓN	do 8 de abril ao 6 de maio de 2024
2414448	TELEFORMACIÓN	do 22 de maio ao 19 de xuño de 2024
2414135	TELEFORMACIÓN	do 30 de setembro ao 28 de outubro de 2024
2414449	TELEFORMACIÓN	do 4 de novembro ao 2 de decembro de 2024



## 23. PROCEDIMENTOS TEÓRICO-PRÁCTICOS NUN BANCO DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) matróns/as de atención primaria e hospitalaria. 2º) médicas/os de hemodoazón que traballen na ADOS. 3º) enfermeiras/os de hemodoazón que traballen na ADOS. 4º) pediatras e médicas/os especialistas en obstetricia e xinecoloxía.

**Obxectivos:** actualizar coñecementos sobre o transplante de proxenitores hematopoéticos, analizando en particular o sangue de cordón umbilical como fonte destes proxenitores, dende o proceso da selección da doadora, da extracción, do procesamento e da criopreservación ao almacenamento e subministración a través dos rexistros internacionais de doadores de medula ósea, e o papel que xogan os bancos de sangue de cordón neste contexto.

Código	Modalidade	Datas
2414208	TELEFORMACIÓN	do 16 de abril ao 7 de maio de 2024

## 24. ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS: XENERALIDADES E CONCEPTOS BÁSICOS

**Nº de horas:** 16

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría. 2º) técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría.

**Obxectivos:** xeneralidades en relación coa administración de medicamentos. Coñecer as distintas vías de administración de medicamentos. Factores que inflúen na compatibilidade de medicamentos. Coñecer as recomendacións específicas de preparación de medicamentos en unidades de enfermaría. Implicacións do manexo de medicamentos de alto risco e medicamentos perigosos. Conceptos básicos da administración de medicamentos en poboacións especiais.

Código	Modalidade	Datas
2414245	TELEFORMACIÓN	do 4 ao 25 de abril de 2024
2414249	TELEFORMACIÓN	do 16 de maio ao 6 de xuño de 2024
2414250	TELEFORMACIÓN	do 23 de setembro ao 14 de outubro de 2024
2414251	TELEFORMACIÓN	do 21 de outubro ao 11 de novembro de 2024



## 25. ACTUACIÓNS SAUDABLES NO SOLO PELVIANO

**Nº de horas:** 16

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicos/as e enfermeiros/as de atención primaria, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, matronas, fisioterapeutas. 2º) enfermeiros/as e técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría de hospitalización de puerperio, xinecoloxía, uroloxía e cirurxía.

**Obxectivos:** realizar a abordaxe inicial das doenzas relacionadas co solo pelviano. Coñecer o manexo máis axeitado da patoloxía do solo pelviano. Dispoñer de información actualizada relacionada coas afeccións do solo pelviano. Coñecer a evidencia dispoñible en relación coa patoloxía de interese. Promover actuacións saudables e de xeito preventivo que faciliten o manexo da patoloxía do solo pelviano. Facilitar contidos que poidan ser utilizados para a instrución de doentes reais ou potenciais.

Código	Modalidade	Datas
2414106	TELEFORMACIÓN	do 17 de abril ao 8 de maio de 2024
2414107	TELEFORMACIÓN	do 27 de maio ao 17 de xuño de 2024
2414109	TELEFORMACIÓN	do 17 de outubro ao 7 de novembro de 2024

## 26. EXERCICIO TERAPÉUTICO EN AFECCIÓNS MUSCULOESQUELÉTICAS

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicos/as e enfermeiros/as de atención primaria, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e fisioterapeutas, 2º) terapeutas ocupacionais.

**Obxectivos:** manexar as doenzas osteoarticulares máis prevalentes seguindo un programa de exercicio terapéutico para realización domiciliaria. Coñecer actuacións preventivas para doenzas osteoarticulares. Dispoñer de información actualizada relacionada coa abordaxe das doenzas musculoesqueléticas. Coñecer a evidencia científica dispoñible. Facilitar contidos que poidan ser utilizados para a instrución de doentes. Promover accións saudables que de forma preventiva faciliten o manexo da patoloxía osteoarticular.

Código	Modalidade	Datas
2414332	TELEFORMACIÓN	do 9 de abril ao 7 de maio de 2024
2414333	TELEFORMACIÓN	do 29 de maio ao 26 de xuño de 2024
2414334	TELEFORMACIÓN	do 3 ao 31 de outubro de 2024



## 27. ABORDAXE DO CONSUMO DE TABACO NO EMBARAZO E NA LACTACIÓN

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) xinecólogos/as. 2º) matróns/nas. 3ª) médicos/as de atención primaria e pediatras. 4º) enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría e psicólogas/os.

**Obxectivos:** actualizar coñecementos sobre os efectos do consumo de tabaco durante o embarazo e a lactación. Mellorar as habilidades dos profesionais para motivar as pacientes, parellas e familia para que deixen de fumar. Dotar os profesionais de ferramentas (algoritmos de intervención, apps, etc) para facer unha intervención perinatal de calidade.

Código	Modalidade	Datas
2414110	TELEFORMACIÓN	do 22 de abril ao 13 de maio de 2024

## 28. ABORDAXE DO CONSUMO DE ALCOHOL NO EMBARAZO E NA LACTACIÓN

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) xinecólogos/as. 2º) matróns/nas. 3ª) médicos/as de atención primaria e pediatras. 4º) enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría e psicólogas/os.

**Obxectivos:** actualizar coñecementos sobre os efectos do alcohol durante o embarazo. Mellorar as habilidades dos profesionais para motivar as pacientes, parellas e familia para que non beban durante o embarazo. Dotar os profesionais de ferramentas (algoritmos de intervención, cuestionarios de *screening*, etc) para facer unha intervención perinatal de calidade.

Código	Modalidade	Datas
2414112	TELEFORMACIÓN	do 22 de outubro ao 12 de novembro de 2024





## 29. ABORDAXE DA OBESIDADE INFANTIL DENDE ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) Pediatras, enfermeiras/os especialistas en pediatría e enfermeiros/as de pediatría de atención primaria. 2º) Médicos/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, psicólogos clínicos, dietistas-nutricionistas e traballadoras/es sociais.

**Obxectivos:** desenvolver as competencias e as habilidades necesarias para a abordaxe da obesidade infantil dende os servizos de atención primaria. Coñecer as ferramentas necesarias para avaliar a calidade nutricional dos alimentos e da dieta, a composición corporal e a elaboración das pautas nutricionais. Coñecer os diferentes plans e proxectos comunitarios existentes baseados na intervención integral dende os ámbitos: familia, a escola, o centro de saúde e a comunidade.

Código	Modalidade	Datas
2414335	TELEFORMACIÓN	do 18 de abril ao 2 de maio de 2024
2414336	TELEFORMACIÓN	do 2 ao 16 de outubro de 2024

## 30. ATENCIÓN AO ESTADO NUTRICIONAL NA IDADE AVANZADA

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicos/as, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, farmacéuticos/as e traballadores/as sociais de atención primaria.

**Obxectivos:** saber realizar a avaliación integral dos determinantes do estado nutricional na idade avanzada. Coñecer os requirimentos nutricionais do ancián, a valoración do estado nutricional, as consecuencias na saúde da malnutrición, as repercusións da polimedicación. Manexar os aspectos sociosanitarios e os recursos dispoñibles na nosa comunidade. Revisar e valorar criticamente intervencións efectivas neste campo.

Código	Modalidade	Datas
2414337	TELEFORMACIÓN	do 23 de maio ao 6 de xuño de 2024
2414338	TELEFORMACIÓN	do 13 ao 27 de novembro de 2024



## 31. PRÁCTICAS SEGURAS NO MANEXO DE ANALXÉSICOS OPIOIDES

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** Por orde preferente: 1º) médicas/os e farmacéuticos/as de atención primaria. 2º) médicas/os e farmacéuticos/as de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos para optimizar o manexo dos analxésicos opioides. Coñecer as ferramentas para previr riscos derivados do seu uso en pacientes con dor crónica.

Código	Modalidade	Datas
2414339	TELEFORMACIÓN	do 23 de abril ao 14 de maio de 2024
2414340	TELEFORMACIÓN	do 15 ao 29 de outubro de 2024

## 32. CONSELLO BREVE DE ACTIVIDADE FÍSICA E PRESCRICIÓN DE EXERCICIO FÍSICO DENDE O ÁMBITO SANITARIO

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicos/as, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e fisioterapeutas. 2º) terapeutas ocupacionais.

**Obxectivos:** adquirir os coñecementos básicos sobre a actividade física para utilizala como recurso preventivo, terapéutico e de benestar xeral. Saber realizar un consello breve sobre actividade física e unha prescrición básica de exercicio físico desde atención primaria.

Código	Modalidade	Datas
2414341	TELEFORMACIÓN	do 15 de abril ao 13 de maio de 2024
2414342	TELEFORMACIÓN	do 30 de maio ao 27 de xuño de 2024
2414343	TELEFORMACIÓN	do 26 de setembro ao 24 de outubro de 2024
2414344	TELEFORMACIÓN	do 5 ao 26 de novembro de 2024



### 33. DESEÑO E XESTIÓN DE AXENDAS EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** todos os profesionais de atención primaria e do servizo de admisión de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** Formar os profesionais de atención primaria sobre o deseño das axendas, cunha perspectiva de proceso asistencial integrado. A adquisición de habilidades, xunto co exercicio práctico das súas responsabilidades, permitirá mellorar a calidade da prestación dos servizos en atención primaria. Analizar as diferentes experiencias de modelos de axendas de Atención Primaria, en particular, o modelo avanzado da Health Quality Ontario de Canadá e o modelo de axendas de calidade. Contextualizar o deseño das axendas aos diferentes contornos de atención e recursos tecnolóxicos dispoñibles. Adquirir coñecementos e habilidades para unha correcta xestión das axendas de traballo. Adquirir coñecementos e habilidades sobre a captura normalizada da actividade. Adquirir coñecementos sobre os diferentes indicadores de avaliación da accesibilidade e adecuación.

Código	Modalidade	Datas
2414345	TELEFORMACIÓN	do 15 ao 29 de maio de 2024
2414346	TELEFORMACIÓN	do 15 ao 29 de outubro de 2024

### 34. CONSENTIMENTO INFORMADO. ACTUALIZACIÓNS LEGAIS

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** incrementar nos profesionais médicos o coñecemento das obrigas legais, asociadas ao proceso asistencial, para afrontar o aumento e cambio nas demandas da sociedade. Adquirir competencias médico-legais para se dotar de ferramentas de afrontamento da incerteza e medo ante unha posible demanda. Adquirir habilidades para tratar as situacións de maior risco de demanda aprendendo o manexo e a actuación nesas situacións. Diminución da práctica da medicina defensiva a través dun mellor coñecemento da medicina legal.

Código	Modalidade	Datas
2414113	TELEFORMACIÓN	do 30 de maio ao 20 de xuño de 2024
2415085	TELEFORMACIÓN	do 7 ao 28 de outubro de 2024



## 35. ASPECTOS PRÁCTICOS DO CERTIFICADO DE DEFUNCIÓN

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os e pediatras de atención primaria. 2º) médicas/os de atención hospitalaria e do 061.

**Obxectivos:** Mellorar a calidade dos datos dos certificados de defunción, concienciar os profesionais do deber legal e ético de certificar a morte natural, aclarar aspectos relativos aos profesionais que lles corresponden realizar a certificación, dar a coñecer a futura modalidade de certificación electrónica.

Código	Modalidade	Datas
2414252	TELEFORMACIÓN	do 3 ao 17 de abril de 2024
2414253	TELEFORMACIÓN	do 19 de setembro ao 3 de outubro de 2024

## 36. PAUTAS BÁSICAS DE ESTERILIZACIÓN EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** Por orde preferente: 1º) Enfermeiros/as e técnicos/as auxiliares de cuidados de enfermaría de atención primaria. 2º) Técnicos/as auxiliares de cuidados de enfermaría de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** coñecer o proceso de esterilización para que se realice seguindo os requisitos de eficiencia, seguridade e calidade.

Código	Modalidade	Datas
2414228	TELEFORMACIÓN	do 23 ao 30 de abril de 2024
2414302	TELEFORMACIÓN	do 7 ao 14 de novembro de 2024



## 37. CHAVES PARA UN CORRECTO REXISTRO DA INFORMACIÓN E O SEU USO RESPONSABLE EN IANUS

**Nº de horas:** 6

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría, matronas/óns, farmacéuticas/os, traballadoras/es sociais e psicólogas/os.

**Obxectivos:** Coñecer a importancia e como se deben realizar os rexistros na historia clínica electrónica. Manter a confidencialidade dos datos rexistrados na historia clínica electrónica.

Código	Modalidade	Datas
2414347	TELEFORMACIÓN	do 28 de maio ao 11 de xuño de 2024
2414348	TELEFORMACIÓN	do 11 ao 25 de novembro de 2024

## 38. LEXISLACIÓN E PROCEDEMENTO NA INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** Por orde preferente: 1º) xinecólogas/os e pediatras, 2º) matronas e traballadoras/es sociais, 3º) médicas/os e enfermeiras/os de atención primaria e enfermeiras/os especialistas de familia e comunitaria.

**Obxectivos:** analizar o marco legal e ético no que se encadra o dereito á interrupción voluntaria do embarazo no ámbito sanitario público. Fomentar e implantar boas prácticas que favorezan a garantía dos dereitos relativos á saúde sexual e reprodutiva dun xeito integral. Achegar os profesionais ás actuacións de resposta ás solicitudes presentadas polas mulleres xestantes que se encontren dentro da Lei orgánica 2/2010. Informar os profesionais dos procedementos de resposta elaborados e implantados no Servizo Galego de Saúde para cada caso recollido pola lexislación vixente.

Código	Modalidade	Datas
2414450	TELEFORMACIÓN	do 16 ao 30 de abril de 2024
2414452	TELEFORMACIÓN	do 12 ao 26 de novembro de 2024



## 39. ATENCIÓN SOCIOSANITARIA RESPECTO DA DIVERSIDADE SEXUAL (LGTBI)

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** profesionais sanitarias/os de atención primaria e traballadoras/es sociais.

**Obxectivos:** Proporcionar un marco teórico e conceptual respecto da diversidade sexual. Fomentar o respecto cara á diversidade sexual en contornos asistenciais. Ofrecer ferramentas para unha atención inclusiva da diversidade sexual. Coñecer os protocolos e os recursos. Establecer sinerxías cos centros Quérote+.

Código	Modalidade	Datas
2414143	TELEFORMACIÓN	do 24 de abril ao 8 de maio de 2024
2414144	TELEFORMACIÓN	do 29 de outubro ao 12 de novembro de 2024

## 40. COMUNICACIÓN CON PACIENTES, EQUIPOS E FAMILIARES

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** todo o persoal sanitario e traballadores/as sociais.

**Obxectivos:** Neste curso compártense ferramentas de comunicación útiles para o día a día do profesional sanitario. Traballo coas nosas habilidades sociais, dun xeito ameno e práctico, con vídeos curtos e exercicios sinxelos, mediante a exposición de diversas situacións cotiás de comunicación con pacientes, familiares ou equipos de traballo, así como diversas propostas para xestionalas dun modo que produza benestar. Tratar temáticas como xestión do conflito, saber dicir «non», empatía, asertividade ou busca da motivación, entre outras; traballar a nosa comunicación interna con múltiples propostas sinxelas e divertidas para conseguir mellores resultados profesionais e persoais.

Código	Modalidade	Datas
2414116	TELEFORMACIÓN	do 10 ao 24 de abril de 2024
2414117	TELEFORMACIÓN	do 9 ao 23 de maio de 2024
2414119	TELEFORMACIÓN	do 13 ao 27 de xuño de 2024
2414121	TELEFORMACIÓN	do 10 ao 24 de outubro de 2024
2414123	TELEFORMACIÓN	do 14 ao 28 de novembro de 2024



## 41. COMO MELLORAR A COMUNICACIÓN NA CONSULTA COAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 30

**Destinatarios:** médicas/os, farmacéuticas/os, psicólogas/os, logopedas, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas, fisioterapeutas, traballadoras/es sociais e terapeutas ocupacionais.

**Obxectivos:** describir as distintas formas de comunicación coas persoas que presentan discapacidade. Analizar o papel da linguaxe verbal e non verbal dentro da comunicación interpersonal. Descubrir o valor relativo da linguaxe verbal e non verbal no comportamento humano, identificando as barreiras na comunicación. Mellorar os recursos persoais da comunicación. Identificar os elementos que deben ser adaptados para reforzar os vínculos comunicativos.

Código	Modalidade	Datas
2414349	TELEFORMACIÓN	do 25 de abril ao 16 de maio de 2024
2414350	TELEFORMACIÓN	do 11 ao 25 de novembro de 2024

## 42. INTELIXENCIA EMOCIONAL E SOCIAL: RELACIÓNS DE ALTA CALIDADE NO EIDO SANITARIO

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** Todo o persoal sanitario e traballadores/as sociais.

**Obxectivos:** Esta formación está destinada a desenvolver a calidade das relacións no eido profesional e, en certo modo, o benestar no traballo. Dun xeito ameno e participativo abórdanse técnicas para crear e manter unha interacción positiva con pacientes e cos equipos de traballo. Trátanse aspectos coma os trazos da personalidade, a intelixencia emocional e algúns trucos da linguaxe para unha comunicación efectiva e afectiva coas demais persoas.

Código	Modalidade	Datas
2414453	TELEFORMACIÓN	do 10 ao 24 de abril de 2024
2414454	TELEFORMACIÓN	do 9 ao 23 de maio de 2024
2414455	TELEFORMACIÓN	do 13 ao 27 de xuño de 2024
2414456	TELEFORMACIÓN	do 10 ao 24 de outubro de 2024
2414457	TELEFORMACIÓN	do 14 ao 28 de novembro de 2024



## 43. MANEXO DO PACIENTE COVID-19 CRÍTICO

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os das unidades de UCI, reanimación e urxencias. 2º) resto de enfermeiras/as.

**Obxectivos:** coñecer a infección por SARS-CoV-2 e o seu manexo nas unidades de coidados intensivos. Recoñecer o soporte xeral e de órganos e sistemas como patoloxía multisistémica e as complicacións que poden acontecer na súa evolución. Coñecer o equipamento e técnicas dedicadas ao soporte de órganos e sistemas.

Código	Modalidade	Datas
2414145	TELEFORMACIÓN	do 2 ao 30 de abril de 2024
2414147	TELEFORMACIÓN	do 30 de maio ao 27 de xuño de 2024

## 44. COIDADOS NAS UNIDADES DE CARDIOLOXÍA E CIRURXÍA CARDÍACA

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 70

**Destinatarios:** enfermeiras e técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría das unidades de hospitalización de cardioloxía ou cirurxía cardíaca.

**Obxectivos:** Obxectivo xeral: Capacitar en coñecementos básicos de coidados de enfermaría no paciente cardiolóxico. Obxectivos específicos: Coidados de enfermaría na unidade de cardioloxía e cirurxía cardíaca. Intervencións e probas. Xeneralidades sobre farmacoloxía cardiolóxica. Monitoraxe electrocardiográfica e vixilancia do proceso agudo. Coidados do paciente con insuficiencia cardíaca. Comunicación co paciente/familia/achegados. Prevención e promoción cardiovascular, adherencia á dieta cardiosaudable. Alfabetización en saúde cardiovascular e adherencia. Recursos de apoio e ensino entre iguais.

Código	Modalidade	Datas
2414152	TELEFORMACIÓN	do 27 de maio ao 24 de xuño de 2024
2414155	TELEFORMACIÓN	do 31 de outubro ao 28 de novembro de 2024





## 45. ELABORACIÓN DUNHA COMUNICACIÓN CIENTÍFICA

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 30

**Destinatarios:** técnicas/os de formación profesional de grao superior e medio.

**Obxectivos:** fomentar a participación das/os profesionais nos congresos e reunións científicas a través do envío de comunicacións e experiencias. Desenvolver un proxecto de investigación científica na contorna de traballo. Aplicar a estrutura dun traballo científico ao proxecto realizado para elaborar unha comunicación correcta e comprensible, de acordo coas normas internacionais máis frecuentemente utilizadas. Obter coñecementos básicos de estatística e das ferramentas máis comúns para poder desenvolver o traballo científico. Elaborar unha comunicación con formato póster (PowerPoint) para presentación en congresos ou reunións científicas.

Código	Modalidade	Datas
2414351	TELEFORMACIÓN	do 30 de abril ao 28 de maio de 2024
2414352	TELEFORMACIÓN	do 7 de outubro ao 4 de novembro de 2024

## 46. MANEXO DO PACIENTE COVID-19 CRÍTICO PARA TCAE

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría das unidades de UCI, reanimación e urxencias. 2º) resto de técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría.

**Obxectivos:** coñecer a infección por SARS-CoV-2 e o seu manexo nas unidades de coidados intensivos. Recoñecer o soporte xeral e de órganos e sistemas como patoloxía multisistémica e as complicacións que poden acontecer na súa evolución. Coñecer o equipamento e técnicas dedicadas ao soporte de órganos e sistemas.

Código	Modalidade	Datas
2414353	TELEFORMACIÓN	do 2 ao 30 de maio de 2024
2414354	TELEFORMACIÓN	do 24 de setembro ao 22 de outubro de 2024
2414355	TELEFORMACIÓN	do 29 de outubro ao 26 de novembro de 2024



## 47. RECOLLIDA DE MOSTRAS BIOLÓXICAS

**Nº de horas:** 6

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría.

**Obxectivos:** adestrar na correcta manipulación e conservación das mostras biolóxicas, dado que a súa análise é unha ferramenta fundamental no diagnóstico e tratamento. Dominar as técnicas de asepsia na obtención de mostras atendendo ao paciente. Adquirir unha boa metodoloxía de traballo na obtención, manipulación, conservación e transporte de mostras para reducir erros. Coñecer as normas de seguridade no manexo de mostras biolóxicas.

Código	Modalidade	Datas
2414356	TELEFORMACIÓN	do 17 ao 30 de abril de 2024
2414357	TELEFORMACIÓN	do 15 ao 28 de maio de 2024
2414358	TELEFORMACIÓN	do 9 ao 22 de outubro de 2024
2414359	TELEFORMACIÓN	do 13 ao 26 de novembro de 2024

## 48. ACTUALIZACIÓN NOS MÉTODOS DE DETECCIÓN DE RESISTENCIAS ANTIBIÓTICAS

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** técnicas/os superiores en Laboratorio de Diagnóstico Clínico.

**Obxectivos:** actualización nos métodos de detección de resistencias antibióticas no laboratorio de microbioloxía clínica. Coñecer os métodos clásicos ou fenotípicos, que son os métodos máis utilizados na rutina, e outros métodos que foron xurdindo nos últimos anos como os métodos bioquímicos, proteómicos e moleculares. Identificar cadansúas vantaxes e inconvenientes e as súas limitacións na práctica clínica. Coñecer os métodos de detección de resistencias en bacterias aerobias, os métodos de detección para bacterias anaerobias, micobacterias e fungos coas súas necesidades diferenciais. Recoñecer os principais mecanismos de resistencia bacterianos.

Código	Modalidade	Datas
2414156	TELEFORMACIÓN	do 11 ao 25 de abril de 2024
2414157	TELEFORMACIÓN	do 12 ao 26 de novembro de 2024



## 49. MICROBIOLOXÍA CLÍNICA. ÁREA DE RECEPCIÓN E SEMENTAS

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 40

**Destinatarios:** técnicas/os superiores en Laboratorio de Diagnóstico Clínico.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos, destrezas e actitudes necesarias, para desenvolver eficazmente as probas que conforman o traballo diario do Laboratorio de Microbioloxía na área de recepción e sementas. Optimizar recursos e garantir a calidade total dos procesos e procedementos para evitar quebras na continuidade do traballo do petionario, paciente, como tamén do persoal que interacciona no laboratorio.

Código	Modalidade	Datas
2414284	TELEFORMACIÓN	do 21 de outubro ao 18 de novembro de 2024

## 50. LESIÓNS E ALTERACIÓNS DA MUCOSA ORAL. RECOÑECEMENTO E INTERPRETACIÓN.

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** técnicas/os superiores en hixiene bucodental.

**Obxectivos:** identificar unha mucosa oral normal e as lesións elementais máis comúns. Coñecer as patoloxías máis frecuentes que cursan con lesións e alteracións orais. Recoñecer os signos sospeitosos de malignidade dunha lesión oral.

Código	Modalidade	Datas
2414260	TELEFORMACIÓN	do 10 ao 24 de xuño de 2024



## 51. FISIOTERAPIA EN UNIDADES DE CRÍTICOS

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** fisioterapeutas

**Obxectivos:** coñecer a tecnoloxía en coidados utilizados en UCI: parámetros de normalidade e a súa utilidade. Conceptos básicos de fisioloxía respiratoria. Valoración do paciente crítico. Auscultación. Técnicas de fisioterapia respiratoria relacionadas coa auscultación. Gasometría arterial. Osixenoterapia. Miopatía do paciente crítico. Ventilación mecánica. *Weaning*. Imaxioloxía. *Cough assist* e outras axudas instrumentais en fisioterapia respiratoria. Aspiración de secrecións. Mobilización precoz.

Código	Modalidade	Datas
2414124	TELEFORMACIÓN	do 18 de abril ao 16 de maio de 2024
2414125	TELEFORMACIÓN	do 17 de outubro ao 14 de novembro de 2024

## 52. INTRODUCCIÓN AO PROCESAMENTO SENSORIAL NO DESENVOLVEMENTO INFANTIL

**Nº de horas:** 5

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** Por orde preferente: 1º) terapeutas ocupacionais, 2º) logopedas, 3º) fisioterapeutas, psicólogos/as e médicas/os de unidades de rehabilitación.

**Obxectivos:** Coñecer os fundamentos teóricos da integración sensorial. Identificar sinais de alarma do procesamento sensorial. Utilizar a integración sensorial como ferramenta terapéutica. Afectación das alteracións do procesamento sensorial nas AVD.

Código	Modalidade	Datas
2414460	TELEFORMACIÓN	do 17 ao 28 de xuño de 2024



## 53. INTRODUCCIÓN Á COGNICIÓN E DESEMPEÑO OCUPACIONAL: CONCEPTOS, VALORACIÓN E INTERVENCIÓN.

**Nº de horas:** 5

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** Por orde preferente: 1º) terapeutas ocupacionais, 2º) logopedas, 3º) fisioterapeutas.

**Obxectivos:** coñecer as bases neurocognitivas que compoñen a actividade/ocupación. Establecer as bases para unha boa valoración cognitiva e posterior reavaliación ligada ao desempeño ocupacional. Axudar o profesional a determinar a mellor técnica de abordaxe cognitiva para cada momento e para cada paciente (adestramento, rehabilitación ou compensación). Dotar dos coñecementos necesarios para a realización do material necesario para levar a cabo a intervención. Favorecer unha intervención holística, dirixida á ocupación e baseada na evidencia. Promover a adquisición de novos coñecementos con base na evidencia científica actual.

Código	Modalidade	Datas
2414159	TELEFORMACIÓN	do 18 ao 25 de novembro de 2024

## 54. BUSCA BIBLIOGRÁFICA AVANZADA: BASES DE DATOS WOS, EMBASE, COCHRANE E CINAHL

**Nº de horas:** 14

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Aprender a realizar buscas bibliográficas en bases de datos alternativas a Pubmed-Medline. Aprender a elaborar estratexias de buscas bibliográficas en bases de datos avanzadas de ciencias da saúde. Coñecer os pasos que se deben seguir para realizar unha busca bibliográfica efectiva. Coñecer as características específicas de cada base de datos.

Código	Modalidade	Datas
2414220	TELEFORMACIÓN	do 22 de abril ao 13 de maio de 2024
2414256	TELEFORMACIÓN	do 4 ao 25 de xuño de 2024
2414301	TELEFORMACIÓN	do 6 ao 27 de novembro de 2024



## 55. BÁSICO DE XESTIÓN DE RISCOS NA SEGURIDADE DO PACIENTE

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer o alcance do problema, epidemioloxía dos incidentes relacionados coa seguridade dos pacientes e aprender da nosa realidade. Promover e difundir a cultura de seguridade. Mellorar a seguridade na atención aos/ás pacientes.

Código	Modalidade	Datas
2414360	TELEFORMACIÓN	do 3 ao 24 de abril de 2024
2414361	TELEFORMACIÓN	do 7 ao 28 de maio de 2024
2414362	TELEFORMACIÓN	do 25 de setembro ao 16 de outubro de 2024
2414363	TELEFORMACIÓN	do 31 de outubro ao 21 de novembro de 2024

## 56. METODOLOXÍA DOCENTE PARA TITORES DE RESIDENTES

**Nº de horas:** 40

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** titores/as de formación sanitaria especializada

**Obxectivos:** Adquirir competencias docentes nos principais aspectos da titorización de residentes (rol do titor, planificación e deseño de programas, metodoloxía avaliativa e planificación da avaliación e mellora da calidade da avaliación docente). Afondar na definición de competencias profesionais, as súas características e a súa adaptación aos programas oficiais das especialidades (POE). Abordar como establecer obxectivos docentes adaptados ao POE. Analizar as principais ferramentas avaliativas. Establecer a estrutura dun proxecto docente e realizar unha análise da súa calidade.

Código	Modalidade	Datas
2414160	TELEFORMACIÓN	do 24 de abril ao 19 de xuño de 2024
2414161	TELEFORMACIÓN	do 1 do outubro ao 26 de novembro de 2024



## 57. FORMADOR DE TITORES DE TELEFORMACIÓN

**Nº de horas:** 40

**Nº de prazas:** 25

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) titores de teleformación da ACIS ou da aula virtual MESTRE, 2º) relatores de actividades formativas presenciais da ACIS, 3º) outros profesionais do Servizo Galego de Saúde que queiran titorizar cursos de teleformación.

**Obxectivos:** comprender como aprenden as persoas adultas, cales son os diferentes tipos de formación que poden realizar de forma e en que modalidades se poden formar. Coñecer as diferentes competencias que é necesario que teña un titor/a, os diferentes roles que pode realizar, e ter a base para facer unha autoanálise persoal. Diseñar accións e actividades de aprendizaxe en modalidade *e-learning* e *b-learning*. Crear contidos didácticos en diferentes formatos e con diferentes finalidades atendendo á propiedade intelectual. Diseñar a avaliación dunha acción formativa, as actividades e todo os instrumentos asociados. Confeccionar un plan de dinamización e comunicarse con todas as persoas que forman parte dun curso de forma didáctica a través de diferentes recursos e instrumentos.

Código	Modalidade	Datas
2414127	TELEFORMACIÓN	do 11 de marzo ao 6 de maio de 2024
2414128	TELEFORMACIÓN	do 6 de maio ao 1 de xullo de 2024
2414129	TELEFORMACIÓN	do 30 de setembro ao 25 de novembro de 2024

## 58. DEREITOS E DEBERES SANITARIOS NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

**Nº de horas:** 14

**Nº de prazas:** 30

**Destinatarios:** todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** mellorar a información sobre dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, para un uso eficaz e eficiente dos recursos e manter a eficacia da garantía das prestacións sanitarias, garantindo a sustentabilidade e continuidade dos coidados.

Código	Modalidade	Datas
2414131	TELEFORMACIÓN	do 4 ao 25 de abril de 2024
2414132	TELEFORMACIÓN	do 20 de maio ao 10 de xuño de 2024
2414133	TELEFORMACIÓN	do 17 de setembro ao 8 de outubro de 2024



## 59. ACTUACIÓN DO/A CELADOR/A NO QUIRÓFANO

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Modalidade:** teleformación

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) celadoras/es dos servizos cirúrxicos, 2º) resto de celadoras/es.

**Obxectivos:** coñecer as funcións teóricas e prácticas do persoal celador no bloque cirúrxico. Coñecer as súas características e dominar o uso dos aparatos, mobiliario e equipos. Manexar o posicionamento nas intervencións máis frecuentes.

Código	Modalidade	Datas
2414134	TELEFORMACIÓN	do 8 ao 22 de abril de 2024
2414136	TELEFORMACIÓN	do 28 de maio ao 11 de xuño de 2024
2414137	TELEFORMACIÓN	do 16 ao 30 de setembro de 2024

## 60. A FACTURACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) persoal de xestión e servizos da función administrativa pertencentes os servizos de admisión e facturación a terceiros de atención hospitalaria. 2º) persoal de xestión e servizos de atención primaria.

**Obxectivos:** saber identificar as situacións que precisan a facturación a terceiros e coñecer a tramitación administrativa dos correspondentes cargos. Coñecer a evolución legal do dereito á asistencia sanitaria no Sistema Nacional de Saúde e o dereito á asistencia sanitaria no Servizo Galego de Saúde. Coñecer a normativa legal e o procedemento de facturación no Servizo Galego de Saúde, a recollida de datos e a tramitación de expedientes. Os ingresos no Servizo Galego de Saúde.

Código	Modalidade	Datas
2414146	TELEFORMACIÓN	do 11 de marzo ao 8 de abril de 2024
2414148	TELEFORMACIÓN	do 29 de maio ao 26 de xuño de 2024
2414149	TELEFORMACIÓN	do 29 de outubro ao 26 de novembro de 2024





## 61. PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN

**Nº de horas:** 25

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) grupos A1 e A2 de xestión e servizos da función administrativa, 2º) grupos C1 e C2 de xestión e servizos da función administrativa, 3ª) resto de persoal de xestión e servizos do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** perfeccionar e actualizar os coñecementos sobre a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Código	Modalidade	Datas
2414462	TELEFORMACIÓN	do 13 de marzo ao 17 de abril de 2024
2414463	TELEFORMACIÓN	do 22 de abril ao 27 de maio de 2024
2414465	TELEFORMACIÓN	do 27 de maio ao 1 de xullo de 2024
2414466	TELEFORMACIÓN	do 18 de setembro ao 23 de outubro de 2024
2414467	TELEFORMACIÓN	do 28 de outubro ao 2 de decembro de 2024

## 62. A CALIDADE DA REDACCIÓN ADMINISTRATIVA. TÉCNICAS PARA MELLORALA

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** persoal de xestión e servizos da función administrativa e persoal de servizos xerais (PSX).

**Obxectivos:** mellorar a redacción dos documentos de circulación interna e externa xeral e facelos máis doados de entender. Repasar e fixar criterios de corrección lingüística, con especial incidencia na lingua galega.

Código	Modalidade	Datas
2414150	TELEFORMACIÓN	do 14 de marzo ao 11 de abril de 2024
2414151	TELEFORMACIÓN	do 14 de maio ao 11 de xuño de 2024
2414153	TELEFORMACIÓN	do 19 de setembro ao 17 de outubro de 2024
2414154	TELEFORMACIÓN	do 28 de outubro ao 25 de novembro de 2024



## 63. O GALEGO NO ÁMBITO SANITARIO

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) persoal de xestión e servizos da área administrativa (técnico, xestión, administrativo e auxiliar) e persoal de servizos xerais, 2º) resto do persoal.

**Obxectivos:** revisar as regras gramaticais básicas da lingua galega. Coñecer os aspectos léxicos e fraseolóxicos do ámbito sanitario. Coñecer a estrutura básica dos tipos de textos máis habituais no ámbito administrativo sanitario.

Código	Modalidade	Datas
2414257	TELEFORMACIÓN	do 5 ao 26 de xuño de 2024
2414276	TELEFORMACIÓN	do 16 de setembro ao 7 de outubro de 2024
2414308	TELEFORMACIÓN	do 20 de novembro ao 11 de decembro de 2024

## 64. COMO DESEÑAR PRESENTACIÓNS EFICACES

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** profesionais do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** dominar as técnicas para deseñar diapositivas para que as presentacións sexa máis eficaces, se recorden e se comprendan mellor. Axudar os profesionais a deseñar eficazmente a presentación, coñecendo as distintas formas de usar o texto, incluír os elementos multimedia e utilizar os mellores gráficos e imaxes para comunicar datos.

Código	Modalidade	Datas
2414162	TELEFORMACIÓN	do 12 de marzo ao 9 de abril de 2024
2414166	TELEFORMACIÓN	do 8 de maio ao 5 de xuño de 2024
2414167	TELEFORMACIÓN	do 24 de setembro ao 22 de outubro de 2024
2414168	TELEFORMACIÓN	do 30 de outubro ao 27 de novembro de 2024



## 65. ORGANIZACIÓN E SIMPLIFICACIÓN DO TRABALLO ADMINISTRATIVO

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 70

**Destinatarios:** persoal de xestión e servizos da función administrativa e persoal de servizos xerais (PSX).

**Obxectivos:** coñecer os factores máis relevantes que poden axudar a administrar mellor o tempo e facelo máis produtivo. Coñecer funcións clave das ferramentas ofimáticas e ferramentas web que permitan realizar un traballo máis eficiente e de maior calidade. Fomentar procesos, actividades e procedementos administrativos sinxelos e claros que eviten organizacións burocráticas, lentas e ineficientes.

Código	Modalidade	Datas
2414468	TELEFORMACIÓN	do 12 de marzo ao 9 de abril de 2024
2414469	TELEFORMACIÓN	do 8 de maio ao 5 de xuño de 2024
2414471	TELEFORMACIÓN	do 24 de setembro ao 22 de outubro de 2024
2414473	TELEFORMACIÓN	do 30 de outubro ao 27 de novembro de 2024

## 66. ACTUALIZACIÓN EN SIHGA: CONSULTAS EXTERNAS

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) persoal de xestión e servizos da función administrativa. 2º) persoal de servizos xerais (PSX).

**Obxectivos:** Coñecer o programa SIHGA, o seu manexo e as súas implicacións na xestión de usuarios e perfís. Consultas externas: pantalla de citación, rexistro de citas, cita múltiple, reprogramacións e xestión das axendas dinámicas ou buzóns.

Código	Modalidade	Datas
2414194	TELEFORMACIÓN	do 20 de marzo ao 3 de abril de 2024
2414233	TELEFORMACIÓN	do 30 de abril ao 14 de maio de 2024
2414277	TELEFORMACIÓN	do 25 de setembro ao 9 de outubro de 2024



## 67. ACTUALIZACIÓN EN SIHGA: URXENCIAS E ADMISIÓN

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 100

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) persoal de xestión e servizos da función administrativa. 2º) persoal de servizos xerais (PSX).

**Obxectivos:** Coñecer o programa SIHGA, o seu manexo e as súas implicacións na xestión de usuarios e perfís: hospitalización, quirófano e lista de espera. Coñecer o rexistro de pacientes en urxencias. Abordar a identificación de pacientes (desprazados, privados, sincronización con tarxeta sanitaria, CIP NASI).

Código	Modalidade	Datas
2414140	TELEFORMACIÓN	do 10 ao 24 de abril de 2024
2414255	TELEFORMACIÓN	do 21 de maio ao 4 de xuño de 2024
2414287	TELEFORMACIÓN	do 23 de outubro ao 6 de novembro de 2024

## 68. BÁSICO DE SIGAP: XESTIÓN DE CITAS E AXENDAS

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) persoal de servizos xerais e auxiliares administrativos de centros de saúde, 2º) persoal de servizos xerais e celadores de PAC.

**Obxectivos:** ofrecer unha primeira visual do programa co que se traballará habitualmente e iniciar no uso práctico del. Introducir os traballadores na dinámica habitual de traballo coa que se atoparán cando acudan a un centro de saúde. Crear un ambiente de tranquilidade do traballador para que, cando acuda por primeira vez a un centro, saiba utilizar os aplicativos de xestión de AP.

Código	Modalidade	Datas
2414169	TELEFORMACIÓN	do 21 de marzo ao 4 de abril de 2024
2414173	TELEFORMACIÓN	do 25 de abril ao 9 de maio de 2024
2414425	TELEFORMACIÓN	do 14 ao 28 de novembro de 2024



## 69. AVANZADO DE SIGAP

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) persoal de servizos xerais e auxiliares da función administrativa de centros de saúde, 2º) persoal de servizos xerais e celadoras/es de PAC.

**Obxectivos:** repasar e actualizar coñecementos do aplicativo. Repasar os diferentes procedementos que poidan xurdir no día a día cando traballamos co Sigap, co obxectivo de dar tranquilidade ao traballador e dotalo de suficientes destezas para o correcto desempeño do posto de traballo.

Código	Modalidade	Datas
2414175	TELEFORMACIÓN	do 16 ao 30 de maio de 2024
2414177	TELEFORMACIÓN	do 12 ao 26 de xuño de 2024
2414179	TELEFORMACIÓN	do 10 ao 24 de outubro de 2024

## 70. CONTACTE: XESTIÓN INTEGRAL DE RECLAMACIÓNS NOS CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** persoal de servizos xerais e auxiliares da función administrativa de atención primaria.

**Obxectivos:** ofrecer unha visión xeral do Aplicativo CONTACTE. Coñecer as distintas opcións que nos presenta o aplicativo. Levar á práctica a xestión das reclamacións a través de CONTACTE.

Código	Modalidade	Datas
2414265	TELEFORMACIÓN	do 11 ao 25 de xuño de 2024
2414303	TELEFORMACIÓN	do 7 a 21 de novembro de 2024



## 71. ACTUALIZACIÓN EN ASEGURAMENTO SANITARIO E TRÁMITES DE TARXETA SANITARIA

**Nº de horas:** 30

**Nº de prazas:** 150

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) PSX dos centros de saúde, 2º) persoal administrativo ou auxiliar da función administrativa dos centros de saúde, 3º) outro persoal de xestión e servizos dos centros de saúde ou dos centros hospitalarios (admisión, urxencias, traballo social que informa sobre temas de aseguramento sanitario, manexa aplicativos implicados e/ou realiza trámites de Tarxeta Sanitaria ou trámites a persoas mutualistas ou desprazadas.

**Obxectivos:** adquirir os coñecementos necesarios sobre o aseguramento sanitario e a tramitación da tarxeta sanitaria, para unha mellor atención aos cidadáns: para o manexo do aplicativo de Tarxeta Sanitaria (TRATS) para facilitar a atención e as citas, xunto coa súa integración con outros sistemas de información da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde; para a realización de trámites de Tarxeta Sanitaria ou trámites a persoas mutualistas ou desprazadas, dende outras comunidades autónomas ou dende o estranxeiro e que solicitan asistencia sanitaria pública ao Servizo Galego de Saúde.

Código	Modalidade	Datas
2414118	TELEFORMACIÓN	do 11 de marzo ao 22 de abril de 2024
2414248	TELEFORMACIÓN	do 6 de maio ao 17 de xuño de 2024
2414280	TELEFORMACIÓN	do 26 de setembro ao 7 de novembro de 2024

## 72. SISTEMAS DE SEGURIDADE NO USO DA INTERNET

**Nº de horas:** 15

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Identificar os riscos potenciais no uso da internet e doutras redes informáticas. Adquirir habilidades a través de casos prácticos para defenderse das ameazas máis comúns. Alcanzar uns coñecementos básicos do funcionamento dos certificados dixitais. Coñecer os aspectos legais do exercicio da actividade profesional en contornas TIC.

Código	Modalidade	Datas
2414474	TELEFORMACIÓN	do 14 de marzo ao 4 de abril de 2024
2414475	TELEFORMACIÓN	do 2 ao 23 de maio de 2024
2414476	TELEFORMACIÓN	do 19 de setembro ao 10 de outubro de 2024
2414477	TELEFORMACIÓN	do 7 ao 28 de novembro de 2024



## 73. DERMATOLOXÍA NO ÁMBITO DE ATENCIÓN PRIMARIA.

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicos/as de atención primaria.

**Obxectivos:** analizar e describir os documentos de consenso para a actuación no Sergas dos pacientes con determinadas patoloxías dermatolóxicas. Mellorar a aplicación clínica coas recomendacións avaladas pola evidencia científica actual, na avaliación e no manexo das distintas patoloxías dermatolóxicas.

Código	Modalidade	Datas
2414182	TELEFORMACIÓN	do 23 de maio ao 6 de xuño de 2024
2414185	TELEFORMACIÓN	do 22 de outubro ao 5 de novembro de 2024

## 74. TELEA: TELESEGUIMIENTO DOMICILIARIO DE PACIENTES

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas:** 150

**Destinatarios:** médicos/as, enfermeiras/os, matró/a, fisioterapeutas e farmacéuticos/as

**Obxectivos:** coñecer a utilidade da telemedicina como modalidade de atención non presencial e seguimento dos pacientes. Facilitar a información precisa de TELEA e o seguimento do paciente por esta modalidade de atención.

Código	Modalidade	Datas
2414219	TELEFORMACIÓN	do 22 ao 29 de abril de 2024
2414254	TELEFORMACIÓN	do 20 ao 27 de maio de 2024
2414300	TELEFORMACIÓN	do 24 ao 31 de outubro de 2024



## 75. CONTROL DE CALIDADE NA MAMOGRAFÍA DE CRIBADO

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) técnicos/as superiores en imaxe para o diagnóstico que participen no programa de cribado poboacional. 2º) resto de técnicos/as superiores en imaxe para o diagnóstico.

**Obxectivos:** comprender os conceptos básicos de imaxe dixital. Adestrar aos TSID na realización dos controis de calidade semanais. Coñecer a importancia do control, o correcto axuste do CAE e da calidade da imaxe en mamografía. Educar o criterio do TSID para a autoavaliación do seu traballo conforme aos estándares de calidade dun programa de cribado de mama. Manter estes estándares de forma permanente. Optimizar as exploracións en todas as unidades do Programa independentemente da localización xeográfica ou dependencia organizativa da unidade. Coñecer novas probas diagnósticas por imaxe en mama; tomosíntesis, mamografía con contraste.

Código	Modalidade	Datas
2414187	TELEFORMACIÓN	do 6 ao 20 de xuño de 2024
2414189	TELEFORMACIÓN	do 6 ao 20 de novembro de 2024

## 76. CIRURXÍA MAIOR AMBULATORIA: CALIDADE ASISTENCIAL E SEGURIDADE DO PACIENTE

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 50

**Destinatarios:** médicas/os das unidades de cirurxía maior ambulatoria e enfermeiras/os

**Obxectivos:** optimizar a comunicación e comprensión da cirurxía maior ambulatoria entre o persoal de enfermaría. Actualizar os coñecementos sobre o modelo de xestión cirúrxica ambulatoria e os criterios actuais, mellorando a calidade asistencial e a seguridade do paciente. Capacitar aos profesionais para aplicar prácticas baseadas en evidencia e protocolos actualizados. Incrementar a seguridade postoperatoria e reducir riscos. Promover activamente o desenvolvemento da Cirurxía Maior Ambulatoria en Centros Sanitarios, facilitando ferramentas para unha xestión integral eficiente de pacientes cirúrxicos.

Código	Modalidade	Datas
2414427	TELEFORMACIÓN	do 13 ao 27 de xuño de 2024
2414428	TELEFORMACIÓN	do 8 ao 22 de outubro de 2024